

ACTA DE CONCESIÓN DA XXI EDICIÓN DA HOMENAXE "O ESCRITOR NA SÚA TERRA"

O sábado 14 de febreiro de 2015 reúnese ás 11.00 horas, no Museo do Pobo Galego, a Asemblea Ordinaria Anual de Socios e Socias da AELG para acordar, entre outros puntos da orde do día, o nome da escritora ou escritor que sería homenaxeado este ano 2015 na súa terra, no marco dunha iniciativa anual e vertebradora que, ao longo dos últimos vinte anos, se ten instituído na traxectoria da AELG como unha alternativa complementaria á celebración do Día das Letras Galegas, isto é, unha actividade vivida en comunidade, que nace desde a vontade de premiar obras vivas, socialmente activas, ao tempo que persegue o recoñecemento e a posta en valor dunha figura clave do noso presente literario, nunha xornada en que o contacto directo, humano e profesional se converta no gran protagonista.

Para esta edición de marcada simboloxía popular, o Presidente da AELG, D. Cesáreo Sánchez Iglesias, presenta perante os asistentes á asemblea como única candidatura o nome do escritor Xosé M^a Álvarez Cáccamo, autor de profusa obra literaria individual e de xenerosa participación colectiva, en que convive a multiplicidade de xéneros: a poesía, a narrativa, o teatro, o ensaio e a literatura especializada no público infantil, de recoñecemento crítico amplo e traducida ás outras linguas peninsulares e mais ao italiano.

A Asemblea de Socios e Socias da AELG aprobou nesta xornada, por unanimidade, concederlle esta XXI Edición Homenaxe "O escritor na súa terra" a Xosé M^a Álvarez Cáccamo, autor referencial do canon literario galego após os comezos da renovadora década dos 80 e voz solidaria presente até hoxe en todos os reclamos literarios e iniciativas sociais colectivas a prol da xustiza social e a restauración da memoria de noso. O seu labor como editor divulgador de figuras senlleiras da historiografía literaria, a súa participación activa en consellos editoriais e de redacción de diferentes coleccións de poesía, suplementos e revistas literarias, así como a súa excelsa implicación no consello directivo da AELG entre 1984 e 2002, nomeadamente como

coordinador das revistas *Nó* e *Contemporánea*, así como a súa sempre renovadora procura de linguaxes literarias expresivas, visuais e caligráficas, queren ser hoxe recoñecidas neste acto de irmandade das palabras.

Asemade, esta asemblea acordou nomealo Socio de Honra da AELG en convivio de irmandade con aqueloutras figuras senlleiras e insignes da historiografía literaria galega que a precederon nas edicións anteriores: Avilés de Taramancos, Bernardino Graña, Manuel María, M^a Xosé Queizán, Xosé Neira Vilas, Uxío Novoneyra, Luz Pozo Garza, Xosé Chao Rego, Xosé Fernández Ferreiro, Salvador García-Bodaño, Pura Vázquez e Dora Vázquez, M^a do Carme Kruckenberg, Manuel Lourenzo, Xosé Vázquez Pintor, Agustín Fernández Paz, Marilar Aleixandre, Paco Martín, Xavier Rodríguez Baixeras, Marica Campo e Xabier P. Docampo.

Como Secretaria xeral da AELG dou fe co visto e prace do Presidente.

Mercedes Queixas Zas
Vilaboa, 6 de xuño de 2015